RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO: Sol, auga e plantas

	%	0 Nula	1-2 (incorrecta)	3-4 (negativa)	5-6 (correcta)	7-8 (boa)	9-10 (excelente)
Presentación do póster	20	Non presentada	Presenta o póster, pero sen rematar a maioría dos apartados. Faltan imaxes e a redacción é desaxeitada. Múltiples erros e faltas de ortografía.	Presentan o póster, pero con parte dos apartados sen rematar. A redacción ten bastantes faltas de ortografía, e é inmadura. Faltan imaxes e algunhas non son axeitadas en tamaño e calidade.	O póster ten unha presentación correcta, con todos os apartados rematados. A redacción presenta algunhas faltas de ortografía, e as veces inconexa e reiterativa, e algunhas das imaxes utilizadas non son axeitadas en calidade e tamaño.	O póster ten unha boa presentación, correcta na redacción e nas imaxes, que se axustan aos contidos e teñen un tamaño e calidade axeitados de maneira xeral. Non hai faltas de ortografía.	O póster está excelentemente presentado: boa maquetación, redacción orixinal e creativa, utilizando un vocabulario preciso. As imaxes presentan unha calidade e tamaño axeitado en todo momento.
Elaboración de contidos	30	Apenas elaboran contidos, e estes non se axustan aos pasos dados para elaboración do póster. Non se indican as fontes e non chegan a utilizar ningunha das aplicación propostas. Falta de coordinación entre o grupo, que fixo soamente traballo individual. Non entregado.	Elaboran contidos, pero están sen rematar. E non se axustan ao esquema do traballo requirido. Non demostran coñecementos básicos da temática requiridos.	Non presenta os contidos mínimos esixidos en todos os apartados.	Preséntanse os contidos mínimos esixidos en todos apartados.	Presenta todos apartados de maneira correcta. Coñece e utilizan de xeito preciso os contidos.	O traballo mostra dominio de todos os contidos traballados.
Utilización e manexo de aplicacións informáticas e fontes	10		Apenas se indican as fontes utilizadas e o manexo das aplicacións non é correcta.	Apenas se indican as fontes utilizadas pero o manexo das aplicacións é bastante correcta.	Utilizan de maneira correcta as aplicacións informáticas. Indica as fontes utilizadas, escasas.	As aplicacións informáticas utilízanse con soltura, orixinando un produto correcto. Indícanse os créditos de todas as fontes utilizadas.	As aplicacións informáticas utilízanse con soltura, orixinando un produto creativo e visualmente orixinal. Indícanse os créditos de todas as fontes utilizadas.
Traballo en grupo	20		Mala coordinación interna do grupo, cunha moi desigual distribución das tarefas entre os seus integrantes e traballo individual dalgúns membros. Incapaces de tomar decisións de maneira consensuada.	Escasa coordinación interna do grupo, cunha desigual distribución das tarefas entre os seus integrantes. Apenas tomaron decisións de maneira consensuada. Non hai relación co resto dos equipos.	A coordinación interna do equipo é boa, pero hai un desigual reparto das tarefas entre os seus membros. As decisións tomáronse pos consenso entre os membros do equipo. Hai pouca relación co resto dos equipos.	Alto grado de coordinación interna do equipo, na que todo o grupo asume as súas responsabilidades. A maioría das tarefas distribúense de xeito equitativo. Boa relación co resto dos equipos.	Excelente coordinación interna do equipo, asumindo cada un dos seus integrantes a súa parte das tarefas, distribuídas de xeito equitativo. As decisión foron conxuntas e consensuadas, e a boa relación cos outros equipos contribuíu a crear un bo ambiente de traballo na aula.

Exposición oral na aula ou visita guiada	**20**	Non realizada	Non realizada	A exposición na aula (ou guía durante a visita) é irregular, con intervencións moi dispares, e non está ben preparada: precisan ler os contidos, e apenas é un esquema do traballo. O diario de aprendizaxe está cumprimentado en menos dun 50%, e presenta erros.	A exposición na aula (ou guía durante a visita) é correcta, aínda que todos os membros do equipo precisan ler ou apoiarse nun guión. Cometen algún erro de vocabulario que denota falta de preparación. O diario de aprendizaxe está cumprimentado de maneira correcta, con algún apartado escaso e algún pequeno erro.	A exposición na aula (ou guía durante a visita) é fluída e clara, coas quendas de intervención dos membros do equipo ben distribuídas. Coñecen os contidos, pero parte do alumnado do grupo precisa lelos. O diario de aprendizaxe está cumprimentado de maneira correcta, con algún apartado escaso e algún pequeno erro.	A exposición na aula (ou guía durante a visita) é fluída e clara, coas quendas de intervención dos membros do equipo ben distribuídas. Dominan os contidos e non precisan ler. Fan unha pequena posta en común co resto dos grupos. O diario de Aprendizaxe está perfectamente cumprimentado.